

Fantasías

A Galería de Arte Área Central presenta ata finais des- te mes unha exposición da pintora Rosa Elvira Caa- maño, nada en Bueu (Pontevedra). A tradición fami- ar, é bisneta e filla de farmacéuticos, levouna a come- vlos estudos de Farmacia. Os pinceis, en cambio, impun- ronse e debuxáronlle o camiño que había de seguir, por non dubidou en matricularse na Facultade de Belas Artes de San Fernando de Madrid, onde se licenciou.

Desde ese momento veu realizando un labor constante no campo da arte: unha tese de doutoramento sobre o pintor decimonónico Serafín Avendaño, numerosas conferen- cias e artigos sobre o intramundo da pintura (non hai que quecer que actualmente é profesora desta materia na Fa- cultade de Belas Artes de Pontevedra). A súa curiosidade pola historia da pintura levouna a realizar unha memoria de licenciatura de investigación sobre a representación do balo na pintura española antiga, amén de numerosos tí- tulos como académica ou comisaria de exposiciones inter- cionais.

Amostra fai unha incursión en temas xa tradicionais: degóns, retratos de familia ou paisaxes. Quedamos coas aturezas mortas. Nelas queda patente como en ningún otro xénero o seu selo: esa busca da harmonía na cor, a su- stución das composicións, así como a sinxeleza e elegancia plasmada nos amplos espacios tranquilos, fuxindo de re- erga-lo cadre inutilmente. A nosa pintora adora o bo de- uxo, trátase dun debuxo de mancha delicada, sensible, fi- n, con liñas insinuadas e toques xustos. Xeneralmente utiliza un papel branco con corpo, barra composta negra

moi difuminada ata conseguir un acabado aveludado, re- saltando algunas zonas con mancha de pastel. As súas composicións denotan claramente un estudio profundo so- bre a pintura de fins do século XVI, XVII e XIX tanto espa- ñola como italiana, non en van nótase o seu paso por este país no que viviu dous anos e no que habitualmente reside dous meses ó ano desde nada menos que catorce. A pintura é para Elvira todo, nela busca ante todo a calidad, por iso realiza un profundo estudio e reflexión sobre os cadros au- téticos, valiosos e eternos xurdidos do coñecemento e da total dedicación dos grandes mestres dos que aprendeu e segue aprendendo, xa que a súa lección está por encima do tempo.

En suma, estamos ante unha maxistral lección das más distintas técnicas empezando con cadros ó óleo sobre dis- tintos soportes, papel preparado, soportes ideais de liño, aínda que tamén utiliza táboa preparada con cola de coe- llo, branco de España e branco de zinc, seguindo as antigas e experimentadas receitas que permitiron 700 anos de con- servación. Son esenciais no seu quefacer bos pinceis, boas cores, bos aceites e vernices, con eles consegue as súas máxi- mas: debuxo, composición e entonación. Completa a ex- posición un par de técnicas mixtas nas que se mesturan: óleo, acrílico, pastel, carbón sobre papel e 5 gravados reali- zados en Urbino nos anos 1994 e 1995 a dúas e tres pran- chas de cor nos que se mesturan tamén varias técnicas como a augaforte, augatinta, punta seca, azucre con acida- ción directa e o resultado foi sinxelamente sublime.

Fátima Otero